

O CONCELLO INFORMA

Convócase proceso de selección para cubrir un posto de técnico/a en animación sociocultural, contratación laboral temporal, por obra ou servizo, para as áreas municipais de cultura, en base aos criterios de publicidade da convocatoria, mérito e capacidade das persoas candidatas, e financiada con cargo ao Programa FO206/2018, da Deputación Provincial De A Coruña.

As bases que rexerán o proceso de selección estarán publicadas na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do concello así como o anexo de solicitude, modelo de declaración xurada e temario , a partir da publicación do anuncio no BOP da provincia de A Coruña.

Para participar no presente concurso-oposición os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), para os nacionais doutros Estados. Así, segundo o artigo citado:

- Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario en igualdade de condicións que os españois ós empregos públicos, con excepción de aqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas (art. 57.1)
- As previsións do apartado anterior serán de aplicación, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e ós seus descendentes e ós do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
- O acceso ao emprego público como persoal funcionario, estenderase igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo.
- Os estranxeiros ós que se refiren os apartados anteriores, así como os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e) Posuír, como mínimo, o carné de conducir tipo B.

f) Atendendo ao establecido no apartado 6 das bases de convocatoria do Programa FO206/2018, as persoas a contratar deberán estar en posesión dalgún dos seguintes títulos:

- 1.- Título oficial de Técnico Superior en Animación Sociocultural.
- 2.- Titulación universitaria en Educación Social.

A titulación esixida acreditarase co orixinal ou fotocopia cotexada do título, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para a súa obtención acompañado da certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición.

g) Atendendo ao establecido no apartado 6 das bases de convocatoria do Programa FO206/2018, as persoas a contratar deberán estar en posesión do Certificado de Lingua Galega Nivel 4 (CELGA 4) ou equivalente.

As e os aspirantes interesados no posto de traballo terán que presentar unha instancia (Anexo I), dirixida ao Sr. Alcalde, no Rexistro Xeral do Concello de Vedra en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres ou por calquera das formas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (neste caso, os/as aspirantes deberán comunicalo mediante e-mail correo@concellodevedra.com, durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias) dentro do prazo de **dez** días naturais a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio no BOP.

Vedra, 7 de marzo de 2018
O ALCALDE,

Asdo.: Carlos Martínez Carrillo